



CÍRCULO DE SILENCIO

Rede Social Galicia Sur

#CírculosDeSilencioVigo

6 de febreiro

O mundo parece estar a tolear, e o panorama comeza a ser aterrador: guerras, conflitos, violencia, morte. ¿Que foi da empatía, da solidariedade global que, segundo se dicía entón, era unha das máis positivas ensinanzas da pandemia do covid? Todo se esqueceu no medio dunha loita sen cuartel por acaparar recursos, por ocupar territorios, por exprimir ás comunidades e persoas máis empobrecidas. As guerras de Rusia contra Ucraína, de Israel contra Palestina, de Marrocos contra o Sahara, as violencias de tantos conflitos esquecidos que non saen nos grandes medios de comunicación, a persecución das persoas migrantes, a crise económica e climática, a suba xeneralizada de prezos das materias primas, o custo da enerxía, os problemas da vivenda e do transporte, a falla de subministración... todo fala dunha crise sistémica e global, na que imos perder a maioría das persoas, pero en primeiro lugar as de sempre, as que levan moitos anos xa padecendo a pandemia silenciosa da pobreza e da precariedade.

O informe "O saqueo continúa", publicado recentemente por Oxfam Internacional, aborda a persistente desigualdade e a pobreza extrema como fillas do colonialismo. Destaca como a riqueza dos milmillonarios creceu exponencialmente, en gran parte debido a herdanzas, clientelismo e monopolios, mentres a clase traballadora loita por sobrevivir. O colonialismo moderno segue a extraer riqueza do sur global en beneficio do norte global, perpetuando así a desigualdade grazas a un sistema financeiro internacional deseñado en favor dos máis poderosos.

Oxfam Intermón insta a tomar medidas urxentes para reducir a desigualdade e poñer fin á concentración de pobreza e riqueza extremas. Para isto, propón:

1. Reducir significativamente a desigualdade. Os Gobernos deben comprometerse a garantir que os ingresos do 10% máis rico da poboación non superen aos do 40% máis pobre tanto a nivel nacional como global. Segundo os datos do Banco Mundial, a redución da desigualdade permitiría acabar coa pobreza no mundo tres veces máis rápido. Da mesma forma, os Gobernos deben centrarse en poñer fin ao racismo, o sexismo e as inxustizas que caracterizan a explotación económica.
2. Aumentar os impostos aos máis ricos para poñer fin á riqueza extrema. O deseño do sistema fiscal internacional debería ser decidido nas Nacións Unidas, a través dunha Convención Marco sobre Cooperación Fiscal Internacional, para conseguir que tanto as grandes fortunas como as empresas máis poderosas paguen realmente a parte xusta que lles corresponda. É vital tamén acabar co funcionamento dos paraísos fiscais. Oxfam Intermón estima que a metade dos milmillonarios do mundo vive en países que non aplican ningún tipo de imposto ás herdanzas, donacións ou sucesións, no legado da súa riqueza aos seus descendentes directos. É necesario gravar as herdanzas para acabar coa nova aristocracia de superricos do planeta.
3. Poñer fin á transferencia de riqueza do sur cara o norte global. É hora de impulsar medidas de resolución para a cancelación da deuda pública e poñer fin á dominación dos países ricos e as grandes empresas sobre os mercados financeiros e as regras comerciais. De igual maneira, é

necesario acabar cos monopolios, democratizar as normas de propiedade intelectual, e regular as brechas salariais en grandes empresas e garantir salarios dignos. Tamén é necesario cambiar o sistema de voto no Banco Mundial, o FMI e o Consello de Seguridade das Nacións Unidas para garantir a xusta representación dos países do sur global. As antigas potencias coloniais tamén deben responsabilizarse dos profundos danos que causou o seu sistema colonial, ofrecer desculpas formais e aplicar os mecanismos de reparación necesarios nas comunidades afectadas.

A pobreza e, especialmente, as desigualdades son cada vez máis extremas, intensas e crónicas. É urxente atacar as causas e cambiar as políticas económicas e sociais que xeran riqueza para o 1% e un empobrecemento xeneralizado para o resto da poboación, tanto dentro como fóra do Estado español. Tamén é urxente cambiar un sistema que fomenta a guerra para o control xeoestratéxico dos recursos, destrúe a natureza, ocasiona famas extremas e incrementa as desigualdades. Sabemos cales son os problemas e coñecemos moitas das súas causas estruturais; tamén sabemos que existen solucións reais e factibles. Queremos solucións baseadas en dereitos. Esiximos políticas cuxo eixe sexa a xustiza social e ambiental. Precisamos poñer a vida no centro, dunha vez por todas.